

ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ASESORAMENTO AOS CONCELLOS NA PREPARACIÓN DA SOLICITUDE E DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS ÁREAS REXURBE

En Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

R E U N I D O S

Dña. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 2 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), con NIF Q1518001A e domicilio na Praza do Obradoiro s/n, 15705 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da USC, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, da Universidades, o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e o Decreto 57/2018, de 31 de maio, do seu nomeamento.

M A N I F E S T A N

Primeiro.- Que o IGVS e a USC subscribiron o día 20 de xullo de 2020 un convenio de colaboración para o asesoramento aos concellos na preparación da solicitude e do Plan de dinamización das áreas Rexurbe por importe de 30.090,10 euros.

Segundo.- Que mediante o dito convenio creouse un grupo de traballo para asesorar aos concellos para a elaboración da solicitude e do Plan de dinamización das áreas Rexurbe, no que poden participar, xunto coas entidades convenientes, os concellos interesados na declaración de dita área Rexurbe.

Terceiro.- Que na cláusula sétima do convenio establécese que este estará vixente dende a súa sinatura ata o 1 de decembro de 2020.

Cuarto.- Que o 2 de outubro de 2020 a USC presentou solicitude de ampliación do prazo de vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2021, debido á demora na súa sinatura pola aparición da Covid-19 e a posterior declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o que, consecuentemente, imposibilita a execución da

totalidade das actuacións dentro do prazo inicialmente previsto.

Coa solicitude de ampliación acompáñase unha proposta de reaxuste de anualidades asinada por D. Rubén Camilo Lois González, coordinador do grupo de traballo ANTE e investigador principal da materia obxecto do citado convenio.

Quinto.- Que o artigo 49 g) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, LRJSP) establece que nos convenios deberá figurar o réxime da súa modificación e que, a falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Sexto.- Estando as partes de acordo coa ampliación do prazo de vixencia do convenio, así como no reaxuste das anualidades, subscriben a presente Addenda, a cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Vixencia do convenio.

As partes acordan estender a vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2021, quedando as anualidades distribuídas do seguinte xeito:

DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES					
	Convenio	Ampliación prazo			Total Convenio e ampliación prazo
	Anualidade 2020	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Total ampliación prazo	
Custos de execución	1.800,00€	700,00€	3.979,74€	4.679,74€	6.479,74€
Contratación de persoal	7.000,00€	3.000,00€	9.460,00€	12.460,00€	19.460,00€
Custos indirectos	1.408,00€	592,00€	2.150,36€	2.742,36€	4.150,36€
	10.208,00€	4.292,00€	15.590,10€	19.882,10€	30.090,10€

Segunda.- Financiamento e xustificación do gasto.

Como consecuencia da distribución de anualidades prevista na cláusula anterior, a compensación por parte do IGVS dos gastos en que incorra a USC no desenvolvemento dos traballos realizarase unha vez remitida a xustificación do gasto correspondente conforme ao seguinte calendario:

1. Xustificación da execución da anualidade de 2020:

- A documentación xustificativa do gasto, ata o importe máximo de 10.208,00 euros, deberá remitirse, como data límite, o 1 de decembro de 2020.
- A documentación xustificativa do gasto, ata o importe máximo de 4.292,00 euros, deberá

remitirse, como data límite, o 31 de decembro de 2020.

- A documentación xustificativa dos pagamentos relativos aos salarios mensuais deberá remitirse, como data límite, o último día do mes do período de xustificación de gasto que corresponda.
- A documentación xustificativa dos pagamentos relativos ás cotas mensuais da Seguridade Social deberá remitirse, como data límite, o último día do mes inmediatamente posterior ao período de xustificación de gasto que corresponda
- A documentación xustificativa do resto dos pagamentos desta anualidade deberá remitirse na mesma data que a xustificación do gasto correspondente.

2. Xustificación da execución da anualidade 2021:

- A documentación xustificativa, tanto dos gastos como dos pagamentos, deberá remitirse, como data límite, o 30 de xuño de 2021.

Terceira.- Subsistencia do convenio.

En todo o que non fose modificado por esta Addenda, aplicarase o previsto no convenio.

En proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado no lugar e data indicados.

Polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E
SOLO

Ángeles Vázquez Mejuto

Pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Antonio López Díaz